



## **1.- Curso de introdución a R: Software libre para PEMES**

---

Como xa anunciamos no mes de xullo, a SGAPEIO, en colaboración coa Facultade de Matemáticas, organiza o curso **Introdución a R: software estatístico libre para PEMES** dirixido a pequenas e medianas empresas que queren iniciarse no tratamento de datos estatísticos con R (empresas que fan actividades demoscópicas, estudos de mercado, análise de datos en departamentos de I+D,...).

O curso conta cunha parte presencial (12 horas) e unha parte non presencial (9 horas) na que o alumno deberá resolver prácticas con bases de datos e envialas por correo electrónico.

### Parte presencial:

- Lugar: Facultade de Matemáticas (Santiago de Compostela).
- Datás: 6, 13, 20, e 27 de outubro de 2014.
- Horario: 17:00 - 20:00 h.

### Prezo:

- Socios/as de SGAPEIO: 50 €.
- NON socios/as: 80 €.

O programa detallado e o formulario de inscrición están na páxina web da SGAPEIO ([www.sgapeio.es](http://www.sgapeio.es)). **O prazo de inscrición remata o 30 de setembro de 2014.**

## **2.- Xornada de formación para elaborar proxectos de estatística: aplicación á Incubadora**

---

Lembramos que a SGAPEIO e a Asociación Galega de Profesorado de Educación Matemática (AGAPEMA), en colaboración con educaBarrié, organizan unha **Xornada de formación para elaborar proxectos de estatística: aplicación á Incubadora**. Esta xornada, que da continuidade á xornada sobre o ensino da Estatística celebrada en novembro de 2013, está dirixida a profesores de ESO e Bacharelato e vaise impartir en dúas edicións, unha na Coruña e outra en Vigo.

Esta actividade, que conta coa homologación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, inclúe exposición de experiencias, obradoiros, unha conferencia e una ponencia práctica sobre a elaboración de traballos para presentar á Incubadora.

- Lugar: A Coruña e Vigo nas sedes da Fundación Barrié.
- Datás:
  - A Coruña: 15 de novembro de 2014.
  - Vigo: 29 de novembro de 2014.

- Horario: 9:30 - 14:00 e 15:30 - 19:30.

O programa detallado e o formulario de inscrición están na páxina web da SGAPEIO ([www.sgapeio.es](http://www.sgapeio.es)) . O prazo de inscrición remata o 31 de outubro de 2014.

### **3.- Curso de Estatística con R para profesionais da saúde (2ª edición)**

---

A Universidade de Vigo, en colaboración coa Fundación Biomédica de Vigo, organiza a segunda edición do curso de formación “**Estatística con R para Profesionais da Saúde**”. O curso é totalmente non presencial para que os médicos e outros titulados do ámbito bio-sanitario (ou estudantes universitarios de últimos cursos, 2 créditos de libre elección) poidan seguilo en horario libre e dende calquera lugar de modo compatible coa súa actividade.

- Importe da matrícula: 125 € (90 € parados).

- Período de matrícula: do 15 de setembro ao 10 de outubro de 2014.

- Período de docencia: do 15 de outubro ao 15 de novembro de 2014.

O curso inclúe algunhas das técnicas estatísticas avanzadas máis utilizadas na investigación médica, con datos e exemplos paso a paso, asequibles para usuarios non expertos. Non é necesario ter un nivel elevado de Estatística ou coñecer previamente o programa R, aínda que sen dúbida eses coñecementos poden aumentar o rendemento do alumno. É eminentemente práctico e aplicado, e realízase de forma virtual mediante secuenciación das unidades didácticas a través de Fatic, a plataforma de tele docencia da Universidade de Vigo.

Este curso está recoñecido con 5,3 créditos como actividade de formación continua -para todas as profesións sanitarias- pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

Máis información: <https://bubela.uvigo.es/curso/2314>

### **4.- Oferta de traballo en ABANCA**

---

ABANCA está buscando un **experto en CRM analítico** co seguinte perfil:

- Licenciado en Matemáticas, Estatística, Físicas, Informática ou Enxeñería.
- Experiencia ou coñecemento en creación de modelos predictivos e explicativos con técnicas estatísticas e/ou de intelixencia artificial (regresión loxística, árbores de decisión, redes neuronais, redes bayesianas, análise cluster, análise factorial, análise conxunto,...).
- Experiencia ou coñecemento en utilización de suites de modelización como Clementine, pass modeler, SAS, R e similares.
- Coñecemento de SQL.
- Visión de negocio e orientación a resultados pragmáticos.

- Valoraranse moi positivamente os coñecementos de ferramentas de xeomarketing, xestión de campañas e/ou business intelligence (Geostats,TCRM, ARM, OBIEE, Business objects, Microstrategy ).

Funcións do posto:

- Deseño, entrenamento, validación e implementación de modelos predictivos e explicativos: (campañas e accións comerciais, produtos e servizos, ect).
- Deseño de segmentacións estratéxicas e tácticas.
- Deseño de mostras para experimentos/test de produtos, campañas e accións comerciais.
- Estudo e categorización de redes de relacións entre clientes e oportunidades de negocio asociadas.

A data límite para recibir candidatos é o 17 de setembro de 2014.

Os posibles interesados deben poñerse en contacto con Julián Gutiérrez no enderezo de correo electrónico:juliangutierrez@abanca.com.

## **5.- Chamada a candidatos para a Oficina Europea de Patentes**

---

A EPO (European Patent Office - Oficina Europea de Patentes) está recrutando enxeñeiros e científicos para traballar como examinadores de patentes (<http://www.epo.org/jobs>).

O día **30 de setembro de 2014**, ás 9:00 horas, terá lugar unha presentación no salón de actos da Escola de Enxeñería Industrial (Sede Campus) da Universidade de Vigo, na que se dará a coñecer a labor da organización, en qué consiste o traballo de examinador de patentes na EPO e as oportunidades de traballo que ofrece nun entorno estimulante e internacional, á vangarda da tecnoloxía e con amplas oportunidades de desenvolvemento profesional.

Despois da presentación, realizaranse algunhas entrevistas informais aos posibles candidatos interesados. O evento está aberto a estudantes, graduados e doutorandos en Enxeñerías, Matemáticas, Física, Bioloxía e Química.

As persoas interesadas en participar nas entrevistas deberán presentar o seu CV usando o modelo europeo Europass (<https://europass.cedefop.europa.eu/es/documents/curriculum-vitae>). É necesario confirmar a participación en:RecruitmentEventEPO@gmail.com antes do venres 26 de setembro.

### Programa do evento:

- 09:00-09:10: Introducción.
- 9:10-09:35: A Oficina Europea de Patentes (EPO).

J. Santacroce, Director da Oficina Europea de Patentes.

- 09:35-10:15: O traballo de examinador de patentes na EPO.

C. Quesson, Examinador de Patentes na Oficina de Patentes.

N. González, Examinadora de Patentes na Oficina de Patentes.

- 10:45-13:30: Primeira fase de entrevistas individuais.

- 14:30-17:30: Segunda fase de entrevistas individuais.

Máis información: <http://www.epo.org/about-us/jobs.html>

Persoa de contacto: Noelia González Carballo, [RecruitmentEventEPO@gmail.com](mailto:RecruitmentEventEPO@gmail.com).

## **6.- 7ª Reunión Española de Usuarios de Stata**

---

O día 23 de outubro de 2014 terá lugar, na Facultade de Medicina da *Universidad de Barcelona* a **7ª Reunión Española de Usuarios de Stata**.

Esta reunión proporcionará aos usuarios de Stata a oportunidade de intercambiar ideas, experiencias e información sobre as novas aplicacións de Stata. Calquera persoa interesada no uso deste programa será benvida.

A esta reunión asistirán dous oradores invitados de StataCorp: Enrique Pinzón, do eido da Econometría e Isabel Cañette, do eido da Estatística. O orador invitado será Xavier Bosch-Capblanch do Centro Suízo para a Saúde Internacional.

O prezo para asistir á reunión é de 60€ (30€ para estudantes).

Máis información: <http://www.timberlakeconsulting.com/?id=622>

## **7.- Cursos da Universitat Autònoma de Barcelona**

---

O *Servei d'Estadística Aplicada* da *Universitat Autònoma de Barcelona* organiza os seguintes cursos para os próximos meses:

- Curso de introdución á Estatística con Deducer: 30 de setembro, 2, 7 e 9 de outubro.
- Curso de Modelización Estatística Básica con Deducer: do 20 ao 22 de outubro de 2014.
- Curso de introdución ao Sistema SAS® (Enterprise Guide - SAS System): do 3 ao 6 de novembro de 2014.
- Curso de Técnicas Estatísticas con SAS®: do 17 ao 20 de novembro de 2014.
- Curso de programación con SAS®. Sintaxe avanzada: do 1 ao 4 de decembro de 2014.

Máis información: <http://sct.uab.cat/estadistica/es/content/cursos-regulares>

Un saúdo,  
SGAPEIO  
Facultade de Matemáticas  
Campus Vida, s/n  
15782 Santiago de Compostela  
A Coruña (ESPAÑA)  
E-mail: [secretaria@sgapeio.es](mailto:secretaria@sgapeio.es)  
Web: <http://www.sgapeio.es>